

PRESENTACIÓN SOLICITUDES DE ADMISIÓN

Informamos de que o período de presentación, na Secretaría do Centro, de solicitudes de admisión para o novo alumnado será **do 1 ao 20 de Marzo**.

Documentación a presentar:

Modelo de solicitude cuberto: O impreso será facilitado no propio centro Tamén poden descargalo, cubri-lo e /ou imprimilo premendo no seguinte enlace: [*Anexo II:Solicitude de admisión*](#). Poderá presentarse de forma presencial no centro docente indicado como primeira opción e tamén mediante o formulario normalizado a través da aplicación de xestión do proceso “admisionalumnado” (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>).

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a (fotocopia do DNI ou da folla correspondente do libro de familia).
- Certificado de matrícula do curso actual.
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio, se é o caso.

A solicitude terá que estar asinada por calquera das/os titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio será necesaria a firma de ambas/os proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo a un deles. En ambos casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente.

Importante: Só se atenderá no horario de Secretaría (de luns a venres de 13:15 a 14:15)